

Introdución

SIGALA é o acrónimo de "Sistema Integral de Xestión de Aulas e Localización de Alumnado". Trátase dun software que permite a xestión de aulas de xeito descentralizado (sen necesidade de ter servidores de usuarios).

Desenvolvido polo CGA (Centro de Gestión Avanzada) da Junta de Andalucía e integrado⁽¹⁾ en [Guadalinex Edu 9.04](#) , foi adaptado para cubrir as necesidades de compartición de ficheiros das aulas Abalar.

Ademáis, a integración de Sigala co software iTALC vai a permitir ao profesorado de aulas Abalar levar un completo control dos equipos informáticos do seu alumnado.

Para que sirve SIGALA

A principal función de SIGALA é a creación e xestión de grupos de traballo aos que o alumnado se pode unir para realizar actividades conxuntas. Estes grupos son dinámicos, de forma que non é necesario o uso de ningún software adicional. O seu funcionamento podémolo explicar mellor mediante o seguinte exemplo:

Supoñamos unha aula de 1º de ESO na que unha profesora desexa facer un exame en un documento de texto para todo o grupo, entón, sin ter que enviálo por correo electrónico a cada un dos/as alumnos/as, con SIGALA, a profesora creará, mediante a súa interfaz de usuario, un novo grupo de traballo chamado, por exemplo, "ESO 1C". A continuación, o alumnado verá aparecer no seu interfaz de usuario o novo grupo, de forma que poden seleccionalo e unirse a el. A profesora pode ver en cada momento os alumnos e alumnas que se van unindo ao seu grupo. Cando estea todo o alumnado no grupo a profesora pode pegar o exame desde SIGALA e o programa configurarase automaticamente, emitindo exclusivamente aos membros do grupo "ESO 1C".


Sigala como servidor no equipo do profesor

No equipo do docente atópanse os lanzadores da parte de servidor do software SIGALA. Pódense atopar en "**Accesorios**" e dentro deste menú "**SIGALA - Conectarse a un grupo**" e "**SIGALA - Crear grupo**".


Crear grupo

Para xestionar un aula de forma dinámica e descentralizada con Sigala seleccionaremos a opción "**SIGALA - Crear grupo**". Abrirase a seguinte fiestra de configuración:

Esta fiestra componse dos seguinte elementos:



- Box no que se indicará nome da aula (ex: Matemáticas 2º).
- Botón para crear o grupo co nome indicado no box anteriormente mencionado.
- Enlace "**Ver grupos existentes na rede**", este enlace abriranos outra fiestra na que se mostrará todos os grupos creados na rede mediante o software SIGALA, nome e persoa que a creou.
- Unha caixa inferior na que se mostrará o nome do grupo en caso de estar creado.
- Unha fiestra que consta de dúas pestanas:
 - No grupo.
 - Acceso prohibido.




No grupo

Amosará todos os usuarios asociados a este grupo indicando o nome co que se deron de alta na aplicación. Dita fiestra ten tres botóns asociados que son:

Expulsar

A súa misión, como ben indica o botón, é expulsar a un usuario seleccionado do grupo. Na pantalla do usuario expulsado aparecerá a seguinte mensaxe:




A expulsión do grupo non evita que o usuario poida novamente acceder ao grupo.

Prohibir acceso

A diferenza de "Expulsar", "Prohibir acceso" ten como finalidade evitar que o usuario en cuestión poida volver a acceder ao grupo ata que o responsable da aula o readmita expresamente.

Nota: No caso de que se elimine o grupo e se volva a crear, todos os usuarios poderán acceder novamente, incluíndos os que estaban na lista de prohibidos.

Na pantalla do usuario ao que se lle prohibe o acceso aparecerá a seguinte mensaxe:




Identificar

Ao seleccionar un usuario con esta opción, obrégaselle a introducir novamente un nome de identificación. (Caso típico dun usuario que se rexistrou cun nome erróneo).

Acceso prohibido

Amosará a lista de usuarios expulsados do grupo. Estes usuarios permanecerán "banned" ata que se lles permita acceder novamente co botón "**Readmitir**" dispoñible na parte inferior.




O botón que se atopa na parte inferior da fiestra é "**Pechar grupo**". Con este botón denégase o acceso á aula a todo usuario que non houbera iniciado sesión ata ese momento.

En caso contrario, por exemplo se fose expulsado un alumno temporalmente ou necesitara identificarse novamente, si podería volver a acceder.

É conveniente pechar o grupo unha vez teñamos identificados en Sigala a todos os alumnos do noso grupo.

Menú aplicacións


A opción "**Aplicacións**", que se atopa na parte superior da fiestra, aparece por defecto deshabilitada. Este estado manterase así ata que se cree un grupo con algún usuario asociado a el.




No menú Aplicacións atoparemos o acceso á aplicación iTALC, que se executará mostrando a configuración actual da aula, nome do grupo, nomes de usuarios e direccións IPs asociadas.

ITALC permite dun xeito rápido e sen ningún tipo de configuración visualizar de xeito remoto os escritorios do alumnado.

A opción "**Compartir**" dispón ao equipo que está facendo a función de servidor a aceptar a recepción de ficheiros dos usuarios conectados. Por defecto esta opción aparece deshabilitada, mostrando aos usuarios a seguinte mensaxe.



Ao pulsar a devandita opción, mostrará a seguinte mensaxe indicando a ruta dos ficheiros compartidos.



A ruta que deberán empregar os docentes para compartir ficheiros co grupo será **/home/usuario/SIGALA**.

E para que o profesor poida ter acceso aos ficheiros que soben os usuarios terá que desprazarse a **/home/usuario/SIGALA/SUBIDAS**. Dentro deste cartafol aparecerán unha serie de cartafóis colectores co nome dos grupos creados nese equipo e en cada un deles outro cartafol co nome de cada un dos usuarios que subiron algún ficheiro.


Funcionamento de Sigala como cliente (equipo de alumno ou profesor)

Tanto o equipo do docente como os equipos dos alumnos poderán conectarse como clientes ao servidor Sigala.


Unha vez lanzado o cliente Sigala abrirase unha fiestra na cal se visualizarán, en caso de existir, todos os grupos da rede creados con SIGALA.

Conectarse a un grupo

Tamén se poderá acceder ao cliente mediante o Acceso Directo creado no menú "Accesorios" - "SIGALA - Conectarse a un grupo" .



Aparecerá unha fiestra solicitando o nome de usuario co que se identificará a este en Sigala. Este nome é descritivo, non se trata de ningún usuario do sistema. Polo tanto, en ningún caso disporá dos privilexios necesarios para a modificación do mesmo.




Para entrar nun grupo que se mostre na listaxe do cliente de SIGALA hai que marcar o grupo e pulsar o botón


inferior "**Conectar**". No momento de realizar a conexión exitosamente o grupo aparecerá na listaxe precedida dun punto verde.

Menú ferramentas

No menú "Ferramentas" amósase a opción "**Ficheiros compartidos**". Se o docente ten a opción de compartir desactivada, mostrarase a seguinte mensaxe:




No caso de que esta opción este activa, aos usuarios que traten de compartir algún ficheiro co docente , mostraráselles a seguinte fiestra:



Nesta fiestra, o alumno poderá visualizar a listaxe de ficheiros que se atopan compartidos no equipo que executa SIGALA servidor. Para poder interactuar con esta fiestra e así conseguir descargar ficheiros, o usuario só ten que seleccionar o ficheiro que desexe e pulsar o botón inferior "**Descargar ficheiro**", seleccionando a ruta onde se desexa descargar.


Á súa vez, os usuarios poderán subir ficheiros ao equipo do profesor se seleccionan o ficheiro desexado e o arrastran ata a zona indicada como "**Arrastrar e soltar a este espazo os arquivos que desexa subir**".

Ao terminar a subida ao equipo servidor, o usuario perde a propiedade do ficheiro. Isto quere dicir que tras terminar a subida, ese ficheiro só será visible e executable desde o



equipo do docente. Se o alumno desexa facer cambios sobre ese documento, tería que volver a subilo para ser revisado polo docente.

No caso de que a subida sexa exitosa mostrarase a seguinte mensaxe:



Se o usuario quere revisar o histórico de ficheiros subidos, pode usar a opción que se mostra na pantalla de compartición chamada "**Archivos subidos**".

Anotacións


En relación ós usuarios

- Non permite ter dous usuarios co mesmo nome, mostra un erro "**Xa hai un usuario con ese nome**".
- Permite facer selección múltiple de usuarios.
- O docente pode crear subgrupos que se difunden pola rede. Na fiestra do servidor SIGALA poderá ver os grupos existentes na rede.

En relación ós arquivos

- É necesario que os ficheiros teñan unha extensión, se non se indica, non se mostrarán aos usuarios.
- Non se pode descargar un cartafol.
- O docente ten a posibilidade de compartir un cartafol comprimido que neste caso poderá ser descargado polos alumnos.
- No caso de que os alumnos queiran subir ficheiros:
 - Pódense subir ficheiros con ou sen extensión .
 - Non se poden subir cartafoles, mostra un erro "**O arquivo ou arquivos non puideron ser enviados**".
 - Pódense subir arquivos comprimidos e executables.

- Non se poden subir ficheiros sen contido, mostrando o seguinte erro "**Non é posible subir arquivos sen contido**".



No caso de subir dous ficheiros co mesmo nome, o último sobrescribe ao primeiro